



# Altermundo

abaixo e á esquerda  
está o **corazón**

TEMPOS NOVOS | TERCEIRA QUENDA | NÚMERO 02 | XULLO 2012

PÁX 06. MOVEMENTOS



## Mineiros e 15-M

Para **Carlos Taibo**, o conflito da minaría debe provocar unha discusión sobre a insustentabilidade destas industrias.

PÁX 08. POLO MIÚDO



## Só escolas neoliberais

**Xabier Ron** e **Alfredo Iglesias** analizan como os recortes na educación reflicten tamén un escenario de loita de clases.

PÁX 12. QUE É O QUE DI...



## Un golpe parlamentar

**Sergio Ferrari** falou co **Paí Oliva**, quen denuncia o xuízo político que apartou a Lugo da presidencia do Paraguai.

O capitalismo non busca salvar o planeta, senón os enormes beneficios que pode reportar a privatización da natureza

# De azul, verde ou marrón...

AVERY PITTMAN



Marcha "Feministas contra o capitalismo, Non ao capitalismo verde", durante o Cumio dos Pobos Río+20

**O capitalismo busca desesperadamente novas fontes de negocio para se reproducir.** O produtivismo e o consumismo, ligados sobre todo ao Norte xeopolítico, toparon cuns límites planetarios insalváveis e a emancipación de moitos pobos do Sur, que albergan a meirande parte de recursos naturais. As billas van pechando. Ao tempo, a crise económica afogou a vía do capitalismo

financeiro. Nun horizonte ben próximo, os beneficios albíscanse ao redor dos bens comúns, como a educación e a saúde, mais sobre todo na natureza, na vida mesma. **Silvia Ribeiro**, do *Grupo ETC*, advirtenos sobre o perigo de manipular a natureza na procura de novos negocios. A canción é aplicábel tamén ao capitalismo: "de azul, verde ou marrón... un cabrón é un cabrón".



> O MERCADO DA VIDA

# Economía verde ou economía fúnebre



Silvia Ribeiro  
Grupo ETC

As corporacións aprópiáanse de parte dos discursos dos movementos sociais para emprender a procura dos enormes beneficios monetarios que oferta a natureza

**S**umidos nunha múltiple crise global, financeira, económica, alimentar e de devastación ambiental e caos climático, oímos desde os gobernos e as empresas que a “solución” será unha nova “economía verde”. Ou como dixo Obama parafraseando a Franklin Roosevelt fronte á crise de 1929, trátase dun “green new deal” (un novo acordo verde), onde todos serán escenarios de gañar-gañar.

Segundo isto, poderanse recuperar os investidores do capital financeiro, grazas á creación de novos mercados financeiros coa natureza –ampliando a venda de servizos ambientais e os mercados de carbono–, e poderanse recuperar os capitalistas da produción grazas ao uso de novas tecnoloxías que servirán para producir en xeito máis “verde”, o que tamén remediará os problemas ambientais. Con máis tecnoloxía, dinnos, poderase aumentar a produción agrícola e dar de comer á poboación mundial. Que se agacha nisto?

## A aposta pola “economía verde”

Ningún dos escenarios descritos trata de revisar as causas das crises, nin de cuestionar os patróns de produción e consumo que están nas súas raíces. E as “ganancias-ganancias” ás que se refiren, son para os mesmos que pro-

vocaron as crises e se lucraron con elas. Son as mesmas vellas empresas transnacionais contaminantes, as que agora tamén controlan as tecnoloxías e os novos mercados, as que abren esta cha-



mada “economía verde” procurando novas fontes de negocio cos desastres.

Con todo, para moitas persoas e organizacións, “economía verde” ten un significado positivo, asociado a produción agrícola orgánica, enerxías renovábeis, tecnoloxías limpas. Existe unha diversidade de propostas de economías alternativas, socialmente xustas, culturalmente apropiadas e ecoloxicamen-

te sustentábeis. Pero esta nova noción de “economía verde” que se está a manexar desde os gobernos e empresas, vai por outro camiño. Trátase basicamente de renovar o capitalismo fronte ás crises, aumentando as bases de explotación e privatización da natureza.

Para iso, integra ao discurso parte das reivindicacións dos movementos sociais, pero reapropiadas polas corporacións. Por exemplo, é verdade que, como unha opción máis, promove a agricultura orgánica –que é mellor que a química, sen dúbida– pero baixo o suposto de que para facelo “masivamente” necesitaríanse grandes extensións ou até monocultivos “orgánicos”, certificados e controlados por transnacionais que poidan abastecer grandes cadeas de distribución e mercados centralizados. Paradoxalmente, así se fará moito máis insegura a soberanía alimentar. Ao depender de transnacionais, hoxe poderán producir orgánico pero mañá producirán, coma sempre, o que lles dea máis cartos, sexan orgánicos, transxénicos ou químicos. Xa sen opcións locais, sen soberanía nas sementes, sen labregas e labregos que defendan os seus dereitos en cada localidade, o seu monopolio está asegurado.

De todos os xeitos, a formulación da “economía verde” é moito máis ampla e inclúe un grande empuxe a no-

eivas **T**

Altermundo

vas tecnoloxías arriscadas –como a nanotecnoloxía, bioloxía sintética, xeo-enxeñería–, unha apropiación aínda maior da natureza –rebautizada como “biomasa” cando en moitos casos é “agromasa”–, e unha nova forma de facer que a xente do común e o diñeiro público volvan financiar ás grandes empresas en crise.

### Os negocios do negocio verde

Basicamente, esta nova onda de “economía verde” baséase en tres alicerces: unha meirande mercantilización e privatización da natureza e os ecosistemas, integrando as súas funcións –redefinidas como “servizos”– aos mercados financeiros; a promoción de novas tecnoloxías e a vasta expansión do uso de biomasa; e un marco de políticas que permitan e subsidien con recursos públicos eses desenvolvementos privatizadores. Como se pode ler en moitos informes que apostan pola “economía verde”, a biodiversidade preséntase como un “novo mercado multibillionario”, ao que as empresas deben pór atención; e para economías emerxentes, como Brasil, India, China que posúen unha enorme biodiversidade, supón novas oportunidades de negocio comerciando coa biodiversidade.

A mercantilización/financiarización da natureza é unha táboa de salvación para os investidores especulativos, porque abre novos mercados financeiros –carbono, servizos ambientais–, moi necesarios para banqueiros, fronte ao naufraxio doutros mercados especulativos. Os esquemas de pagos por servizos ambientais e de comercio de carbono, aos que nos referimos, non serviron en ningún caso para aliviar a crise climática ou a erosión da biodiversidade. Pola contra, significaron un empeoramento, xa que as comunidades que entran nestes esquemas perderon o control das súas terras e territorios, que pasan a estar suxeitos ás esixencias e regras dos investidores que “pagan” polos “servizos” que brindan. Funcións básicas da natureza mudan en mercadorías.

Son mercados moi atractivos para as empresas contaminantes e os investidores de risco, porque ademais de abrir novas ganancias coa revenda de bonos de carbono en mercados secundarios, permítelles seguir coas mesmas actividades contaminantes e aparecer coma se cumprisen coas regulamentacións sobre mudanza climática, os teitos de emisións de gases, etc. Os mercados de carbono e de servizos ambientais, en lugar de ser un recoñecemento ao campesiñado –como se queren presentar–, son en realidade unha forma de substituír políticas públicas de apoio á agricultura diversa, campesiña, descentralizada, ecolóxica, por mecanismos de mercado a mercede de empresas contaminantes que queiran pagalo, a quen cumpra as súas condicións.

### A milagre tecnolóxica e a biomasa

O segundo alicerce, a proposta tecnolóxica, é complementaria e clave fronte ás crises, porque revitaliza a industria produtiva con fontes de ganancias ex-

## A biodiversidade preséntase como un 'novo mercado multibillionario', no que as empresas transnacionais deben pór a súa atención

traordinarias, mentres afonda na ilusión de que non é necesario revisar as causas das crises: todo se pode resolver con máis tecnoloxía. Tecnoloxías que asemade están patentadas por grandes empresas –até as de enerxías consideradas limpas, como solar ou eólica.

Ademais, moitas das tecnoloxías consideradas para facer a produción máis “eficiente”, implican o uso de nanotecnoloxía, unha industria que a pesar de centos de estudos que mostran a toxicidade das nanopartículas e nanocom-

## Manipular o clima?

O extremo en termos de riscos en novas tecnoloxías expono a xeo-enxeñería. En lugar de frear as causas da crise climática, a proposta é manipular o clima planetario para arrefriar a terra. Propón crear nubes volcánicas artificiais que actúen como antuca para os raios solares, usar masivamente biomasa para queimar e fertilizar o chan como sumidoiro de carbono –biochar–, moitas máis plantacións de monocultivos de árbores e cultivos transxénicos reflectores, a fertilización dos mares con ferro ou urea para absorber carbono, etc. Todas as propostas son a mega-escala, porque pola contra non afectarían o clima global –aínda que terían graves impactos locais. Os efectos de manipular un sistema global, pouco coñecido e de alta complexidade como o clima, poderían ser devastadores para moitos países que nunca saberán que aconteceu. Daría a quen tivese os recursos e a tecnoloxía para desenvolver xeo-enxeñería a posibilidade de apropiarse do termostato global.

postos sobre a saúde e o ambiente, non está regulamentada en ningures no mundo. Tampouco se considera o seu custo enerxético real, tomando todo o ciclo de vida dos produtos nanotecnolóxicos, nin como manexar o novo lixo tóxico que xeran, entre outros factores.

Outra nova tecnoloxía subxacente ás propostas de economía verde é a enxeñería xenética, que implica desde máis cultivos transxénicos para agrocombustíbeis e resistentes ao clima, até bioloxía sintética –construción en laboratorio de xenes, pasos metabólicos ou microbios sintéticos enteiros, para producir novas sustancias industriais. Os usos máis inmediatos baséanse no procesamento de celulosa,

unha materia prima que antes non era “viábel” por ineficiente e custosa. Con microbios produto da bioloxía sintética é posíbel procesar calquera fonte de carbohidratos —a celulosa— para facer polímeros que se poden converter logo en combustíbeis, produtos farmacéuticos, plásticos ou outras sustancias industriais. Así, toda a natureza, todo o que estea vivo ou o estivese nalgún intre, é visto como “biomasa”, a nova materia prima universal para procesar con bioloxía sintética.

A disputa industrial por acaparar calquera fonte de biomasa natural ou cultivada —agromasa— xa está en marcha e é unha das maiores ameazas novas á natureza, aos pobos, ás fontes de auga e á alimentación. Hogano, o 24% da biomasa planetaria está mercantilizada —e a bioloxía sintética quere apropiarse do resto—, o que significa unha apropiación da biomasa que supera o ritmo e capacidade de rexeneración. Aínda por riba, a maioría da chamada “biomasa” está nos trópicos e en termos xeopolíticos, nos países do Sur global. Esta tecnoloxía, que se

## Mudar dunha economía de combustíbeis fósiles a outra máis verde sen cambiar os patróns de consumo e produción é só unha ilusión

basea nunha fonte de recursos ilusoriamente renovábel, vén exacerbar os acaparamentos de terra e a disputa polo chan, auga e nutrientes que xa se agudizou coa promoción e subsidio de agrocombustíbeis. Ora ben, se calquera forma de cultivo, de plantación ou de natureza, pode ser a materia prima de combustíbeis, fármacos, forraxes e moitas sustancias industriais, a disputa coas terras indíxenas e campesiñas e áreas naturais medrará exponencialmente.



Teatralización no decurso do Cumio dos Pobos de Río+20

### Conclusión

En xeral, estas propostas de “economía verde”, funcionan como un paraugas de moitas tecnoloxías e propostas que se basean ou usan recursos biolóxicos, querendo crear a ilusión de que serán unha transición dunha economía baseada en combustíbeis fósiles a outra máis ambientalmente amigábel e que as tecnoloxías permitirán superar calquera problema, sen mudar as causas nin os patróns de consumo e produción. Isto non acontecerá endexamais, porque son as mesmas empresas globais, coas mesmas intencións. As petroleiras non deixarán, por vontade propia, de explotar petróleo até que se acabe a última pinga. Só agregarán outras fontes de enerxía aos negocios que xa teñen en marcha, e cobrarán ademais créditos de carbono por iso.

A bioloxía sintética está viabilizando novas configuracións corporativas: 6 das 10 maiores petroleiras do mundo —incluíndo BP, Chevron, Exxon—, 6 das 10 maiores químicas —como BASF, Dow, Bayer, Total, DuPont—, 6 das maiores empresas de agronegocios —como Cargill, ADM, Bunge, Louis Dreyfuss—; e todas as transnacionais de transxénicos —como Monsanto, Syngenta, Dow,

Bayer—, están por detrás e en acordos con empresas novas como Amyris, Butamax, Codexis, que son quen están desenvolvendo a tecnoloxía. A pesar de que a maioría da biomasa e os recursos dos que se pretenden apropiarse efectivamente de cor verde, estas propostas empeorarán gravemente os problemas sociais, ambientais e da biodiversidade, co avance corporativo sobre a natureza e os cultivos.

Pola contra, os millóns de labregos, labregas, indíxenas, pastores e pescadores artesanais, as comunidades locais e forestais, por milenios souberon relacionarse coa natureza e a biodiversidade, en formas diversas e ecoloxicamente sustentábeis. Non é un proceso pasado, senón presente e imprescindible. Se queremos realmente saír das crises, temos que cuestionar as súas causas e apoiar os dereitos integrais destas persoas actores da biodiversidade, que son quen actualmente alimentan a máis do 70 por cento do planeta. •

Artigo cedido para a súa publicación en galego polo colaborador de Altermundo Gustavo Duch, coordinador e editor da revista ‘Soberanía alimentaria, biodiversidad y culturas’, na que foi publicada unha versión do mesmo.



# Insuficiencias conceptuais en Río+20



**Leonardo Boff**  
Teólogo, filósofo  
e ecoloxista  
brasileiro

**N**on se corresponde coa realidade dicir que Río+20 foi un éxito. Non se chegou a ningunha medida vinculante nin se crearon fondos para a erradicación da pobreza, nin mecanismos para o control do quecemento global. Non se tomaron decisións para a realización do propósito da Conferencia, que era crear as condicións para o “futuro que queremos”. Está na lóxica dos gobernos non admitir os fracasos. Mais non por iso deixan de selo. Dada a degradación xeral de todos os servizos ecosistémicos, non progresar significa retroceder. No fondo, afirmase: se a crise se atopa no crecemento, daquela a solución darase con máis crecemento aínda. Iso concretamente significa: máis uso dos bens e servizos da natureza, o que acelera o seu esgotamento, e máis presión sobre os ecosistemas, xa nos seus límites. Datos dos propios organismos da ONU din que desde Río '92 houbo unha perda dun 12% da biodiversidade, 3 millóns de metros cadrados de bosques foron esnaquizados, un 40% máis de gases con efecto invernadoiro emitidos e preto da metade das reservas de pesca mundiais esgotadas.

O abraiante é que o documento final e o borrador non mostran ningún sentido de autocrítica. Non se preguntan por que chegamos á actual situación, nin entenden o carácter sistémico da crise. Aquí reside a fraqueza teórica e a insuficiencia conceptual deste e, en xeral, doutros documentos oficiais da ONU.

Os que deciden continúan dentro do vello software cultural e social que coloca o ser humano nunha posición adá-

SÉRGIO EDUARDO DE OLIVEIRA



Boff falando no Cumio dos Pobos Río+20

mica: sobre a natureza como o seu dominador e explotador, razón fundamental da actual crise ecolóxica. Non entenden o ser humano como parte da natureza e responsábel do destino común. Non incorporaran a visión da nova cosmoxía que ve a Terra como viva e o ser humano como a porción consciente e intelixente da propia Terra, coa misión de coidar dela e garantirlle sustentabilidade. É vista só como un almacén de recursos, sen intelixencia e propósito.

Acolleron a “gran transformación” (Polanyi) ao anular a ética, marxinalizar a política e instaurar como único eixe estruturador de toda a sociedade a economía; dunha economía de mercado pasamos a unha sociedade de mercado, separando a economía real da economía financeira especulativa, esta comandando aquela. Confundiron desenvolvemento con crecemento, o primeiro como o conxunto de valores e condicións que permiten o agromar da existencia humana e o segundo como mera produción de bens a seren comercializados no mercado e consumidos. Enten-

den a sustentabilidade como a maneira de garantir a continuidade e a reprodución do mesmo, das institucións, das empresas e doutras instancias, sen mudar a súa lóxica interna e sen cuestionar os impactos que causan sobre todos os servizos ecosistémicos. Son reféns dunha concepción antropocéntrica, isto é: todos os demais seres só teñen sentido na medida en que se someten ao ser humano, descoñecendo a comunidade de vida, tamén xerada, coma nós, pola Nai Terra. Manteñen unha relación utilitarista con todos os seres, negándolles valor intrínseco e xa que logo como suxeitos de respecto e de dereitos, especialmente o planeta Terra.

Por considerar todo segundo o ollar do económico que se rexe pola competición e non pola cooperación, aboliron a ética e a dimensión espiritual na reflexión sobre o estilo de vida, de produción e de consumo das sociedades. Sen ética e espiritualidade fixémonos bárbaros, insensíbeis á paixón de millóns de millóns de famentos e miserábeis. Por iso impera un radical individualismo, cada país buscando o seu por riba do ben común global, o que impide, nas Conferencias da ONU, consensos e converxencias na diversidade. E así, hilarantes e alienados, dirixímonos a un abismo, cavado por nosa falta de razón sensible, de sabedoría e de sentido transcendente da existencia.

Con estas insuficiencias conceptuais, nunca sairemos ben das crises que nos asolan. Este era o clamor da Cúpula dos Pobos que presentaba alternativas de esperanza. Na peor das hipóteses, a Terra poderá continuar, mais sen nós. Que Deus non o permita, porque é “o soberano amante da vida” como din as Escrituras xudaico-cristiás. •



> URXENCIAS DE HOXE E DE MAÑÁ

# Mineiros, ecoloxía e 15-M



**Carlos Taibo**  
Profesor de  
Ciencia Política  
da Universidade  
Autónoma de  
Madrid

As protestas mineiras e o movemento do 15 de maio poderían achegar posicións para exercer unha anovada resistencia fronte o capitalismo

movimentos

O rescate da UE fixo que pase, inxustificadamente, a segundo plano a loita dos mineiros. Obrigados estamos –parece– a rescatala, e iso aínda que resulte difícil avaliar cal é a intensidade do debate que suscitaron, nos últimos días, e no mundo que resiste, as protestas correspondentes. Nesas condicións, e aínda que un corre o risco de outorgar relevo excesivo ao que se cadra non o ten, non queda outra que apuntar unha intuición: algo fixemos mal todos cando non parece que teñamos outra cousa que discrepancias sobre cuestións de fondo.

Comezarei dicindo o que creo que é, nestas horas, o principal: sobran motivos para apoiar, con todo o que estea ao noso alcance, a protesta mineira. Faltaría máis! Se en todas partes tentamos facer fronte a agresións e recortes, como podería faltar o noso apoio a quen, no mundo da minaría, denuncian os efectos dunhas e outros. Sinalado iso, que repito é o principal, non queda máis remedio que pronunciarse sobre algunhas disputas que están na trastenda. Estou a pensar ante todo, claro, na que se pregunta pola actitude –non de agora: de sempre– que a resistencia mineira asumiu en relación cunha cuestión tan vital como é o respecto do medio natural e os dereitos das xeracións vindeiras. Teño a impresión –a certeza, por mellor dicilo– de que as protestas destas horas apuntan directamente ao lexítimo propósito de garantir salarios e



LEIGH PHILLIPS

preservar postos de traballo. Pero, aínda que non ignoro a delicadísima situación de moitas familias, boto en falta, inequivocamente, algo máis.

Algúns compañeiros dinme que, aínda compartindo a miña preocupación polo silencio que a dimensión ecolóxica da crise provoca no movemento mineiro, non é este o momento para airear esas desavinzas. Poida que teñan razón. Pero me vexo obrigado a preguntar cando chegará, daquela, ese intre. Levamos trinta anos coa mesma liorta. Primeiro foron as discrepancias que o futuro da industria militar levantou entre os nosos pacifistas e o que hoxe chamamos sindicatos maioritarios; os primeiros reclamaban o peche das fábricas correspondentes, en tanto os segundos esixían, sen máis, que se preservasen os postos de traballo. Logo che-

garon as disputas no que fai a unha sanguenta industria, a automobilística, descaradamente subvencionada polos sucesivos gobernos españois. Agora atopámonos cunha discusión –penso que insorteábel– sobre o porvir de moitas das industrias extractivas, lamentablemente lesivas para o medio natural e non menos lamentablemente vencelladas cun estilo de vida insustentábel –o noso, claro, non o dos mineiros. Cando se me di que a revolta de hoxe obedece ao propósito de esixir que se cumpra o que os nosos gobernantes deron por bo anos atrás, quero preguntarme se non é prudente discutir iso que uns e outros acataron.

Tamén oín con frecuencia estes días que a responsabilidade no que se refire ao despropósito de boa parte da activi-

**Atopámonos cunha discusión sobre o porvir de moitas industrias extractivas, lesivas para o medio natural e vencelladas cun estilo de vida insustentábel**

dade extractiva non é dos traballadores desta, senón das empresas ou, máis aínda, do sistema. Gusto pouco do argumento. Se, como produtores ou como

consumidores, acatamos as regras do xogo que impón ese sistema, somos ao cabo corresponsábeis da lóxica deste. E estamos renunciando á tarefa de transformar a realidade. Cando algún colega, de bo ton, suxeriu que entre os ecoloxistas non faltan as xentes que, obsesionadas co medio natural, esqueceron o que significa a loita social de sempre, non me queda máis remedio que darlle a razón. Para a continuación preguntarme, iso si, cantos son os traballadores que, amais de manter viva esa loita social, amosan conciencia plena e consecuente no que respecta aos nosos deberes co planeta e coas xeracións vindeiras. Todos somos parte do sistema que padecemos, e non podemos esquecer que a nosa conduta non sempre está á altura das circunstancias.

Outra faciana da discusión destes días ofrécea unha colisión, sospeito que un chisco artificial, entre o 15-M e os mineiros. Nalgún caso intúo que nace dun malentendido. Non lle darei maior relevo ás frases proferidas por algúns mineiros que, ante a policía, consideraron convinte afirmar que non eran como eses pacifistas do 15-M. E non lle darei porque non o ten, aínda cando parece que o seu é lembrar que o que os xornalistas chaman indignados non son moco de pavo. Non está de máis lembrar o que con tino nos di Raimundo Viejo: “Estudantes e indignados, contrariamente a esa flipada dos mineiros que rula pola rede, non só conseguiron botar aos mossos de Plaça Catalunya; fixérono, ademais, sen necesidade de foguetes, dinamita, carapuchas, nin todo o aparato: puro *aikido* da multitude”.

Preocúpame máis a actitude de quen, as máis das veces desde fóra –nin son mineiros nin son quincemaieiros–, procuraron airear eventuais diferenzas entre uns e outros. Estas xentes, claramente excedidas polo que o 15-M acabou por supor, parecen decididas agora a recuperar o terreo perdido e escudarse detrás dos mineiros. Por fin a clase obreira reaparecería para deixar a cadaquén no seu sitio e, de for-



Resistencia de mineros en Asturias

ma máis precisa, para revelar ben ás claras a condición dun movemento, o do 15 de maio, no que faltan a conciencia diso, de clase, e a vontade de transformación revolucionaria.

Vaites! Ben podo imaxinar a reacción dun indignado que o estea de verdade: sexan cales sexan as carencias do 15-M –preguntaralle ao agudo zo-

## **A protesta mineira é un interesantísimo exemplo de que algo comeza a estoupar entre os nosos traballadores**

*rocotroco* de quenda–, desde que púlpitos falarán estas xentes que agora me ocupan? Será que os mineiros, lexitimamente entregados á tarefa de defender empregos e salarios, están a piques de tomar o Palacio de Inverno? Farano con eles as direccións, entumecidas, de CCOO e UGT, logo de aceptar, durante decenios, o inaceptábel? Escoitaremos por fin que reaparecen as palabras alieación e explotación na linguaxe sindi-

cal ao uso? Chegaranos algunha mensaxe que convida a concluir que o obxectivo de acabar co capitalismo empeza a recobrar peso? Teremos coñecemento dalgunha iniciativa na que a palabra autoxestión revele ben ás claras a perspectiva de superar o mundo do traballo asalariado e a mercadoría? En fin, recibiremos noticias de que a conciencia dos límites ambientais e de recursos do planeta invita a pór sobre a mesa outros valores e outras actitudes?

Non nos enganemos. A protesta mineira é un interesantísimo exemplo de que algo comeza a estoupar entre os nosos traballadores. E o 15-M reflicte ben ás claras que unha parte da xente empezou a se decatar do que temos entre mans. Fagamos o que estea ao noso alcance para achegar posicións. E consigamos respecto diso, en particular, dúas cousas. Por unha banda, que o 15-M rache definitivamente cos espasmos meramente cidadanistas que seguen a operar no seu interior. E pola outra, que cada vez sexan máis os traballadores que se somen á tarefa dunha resistencia fronte ao capitalismo que incorpore os valores da autoxestión, a loita antipatriarcal, a contestación anti-productivista e o internacionalismo solidario. Tarefa non nos vai a faltar. •



Alfredo Iglesias  
Diéguez e  
Xabier Ron  
Fernández

Traballadores  
do ensino e  
militantes  
comunistas

# A estratexia neoliberal na educación

A crise é unha oportunidade para dismantelar o ensino público, entre outras cousas para garantir que unha determinada escola privada eduque ao seu xeito a quen han protexer a supervivencia do sistema

ALTERMUNDO / FMEP



de clases antagónicas, a burguesía e o proletariado. A educación, ao longo dos últimos 200 anos, sinalaba como propios os seguintes obxectivos:

1. formar a persoas aptas para ocupar un lugar activo na vida económica, social ou cultural;
2. formar cidadáns capaces de contribuír á consolidación das modernas sociedades democráticas;
3. asegurar a igualdade de oportunidades para todas as persoas; e,
4. promover o desenvolvemento individual de cadaquén.

Os catro obxectivos son complementarios e, como ben ten observado Nico Hirtt no seu libro *Os novos amos da escola* (2003), agochan catro funcións fundamentais: a función laboral, a función ideolóxica, a función de reprodución social e a función de socialización, que, obviamente, teñen unha historia propia e se mesturan en diferentes combinacións ao logo do tempo, sempre como resultado do equilibrio de forzas, entre o capital e o traballo, no campo de batalla que é a sociedade.

## A esencia da escola capitalista

Agora mesmo estamos en tempos de crise, sobre todo no noso país. Pouco hai que dicir que non se teña dito ao respecto; non obstante, queremos salienta que a esa situación de crise non se

ra orde na eliminación das desigualdades sociais de orixe.

Por iso, acollendo eses principios defendemos unha escola pública universal, coeducadora, democrática, integradora, de calidade, participativa, laica, galega, científica e diversa, que é a única que pode satisfacer o obxectivo que se pretende coa educación nesa tradición política.

## Cal é, en realidade, o seu rol?

Acertaba o sociólogo francés Pierre Bourdieu, ao identificar a misión da educación, moi diferente ao enunciado anteriormente: a reprodución do sistema social, que no capitalismo é un sistema

## Que é ou debe ser a educación?

A tradición da democracia ilustrada considera a educación como unha ferramenta fundamental na transformación das sociedades en tanto que cumpre os seguintes requisitos:

1. o pleno desenvolvemento das capacidades físicas, psíquicas e emocionais do individuo, garantindo a plena formación de cadaquén dentro dos seus límites físicos ou intelectuais;
2. a formación de cidadáns e cidadás capaces de construír xuízos de valor propios, con capacidade crítica e autonomía persoal (emancipación);
3. finalmente, como consecuencia do anterior, exerce un papel de primei-



chegou por unha casualidade. A crise é a escusa perfecta que as clases dominantes: a burguesía financeira e os seus aliados de clase, fomentaron para lograr a derrota definitiva das clases populares, cada vez máis desmobilizadas e desideoloxizadas. Só dende esta perspectiva se pode entender que a burguesía estea a conseguir que a educación se reduza ao exercicio das dúas funcións que máis lle benefician como clase social. A primeira, a función reprodutora, lógraa afondando as desigualdades sociais, fomentando dúas redes educativas paralelas: unha privada –incluíndo aquí a rede concertada–, que recibe todos os apoios do Estado, e outra pública, que sofre todos os desinvestimentos e recortes de persoal. A segunda, a función laboral, lógraa transformando a escola nun centro de formación de traballadoras e traballadores, desatendendo cada vez máis outros aspectos formativos, relacionados co desenvolvemento integral, físico, intelectual e emocional do alumnado.

Para este éxito da burguesía foi preciso que os axentes do sistema educativo fixesen seu o “discurso do cambio”. Un discurso que se inscribía no sendeiro da “necesidade” de adaptar a educación e o sistema escolar ás novas condicións, sempre modernas e anovadoras, proclamadas polo capital para os restantes eidos da vida en sociedade. De forma moi meticulosa, coma o certo xesto de cirurxán, ía construíndo, difundindo e inoculando un sistema normativo de conduta e pensamento. E isto, no noso país, despois, xusto despois, da longa noite de pedra. Ademais, non o esquezamos, a oligarquía española non gañou unha guerra para logo perder na Transición, polo que, se ben aceptou algunhas condicións dos de abaixo –democratización do ensino, por exemplo–, non estaba disposta a renunciar ao seu obxectivo de clase: a derrota das clases populares, para o que precisaba difundir un discurso favorable aos seus intereses e dismantelar a función democratizadora do ensino.

### Triunfo das leis da competitividade

Así, pódese explicar que se “normalizara” a xerga que antes só era común para definir o sistema económico imperante. A educación convertíase nun produto máis do sistema económico. Mercantilizáronse o discurso e as funcións da educación –aí están os limiares das leis de educación e as que rexen o sistema universitario para probalo– e a actividade

## A ideoloxía e a política son necesarias para recuperarmos o carácter da educación como emancipación da persoa

docente pasa a ser vista desde os parámetros da individualidade, da concorrencia polos recursos –as certificacións de excelencia son un mecanismo de diferenciación educativa que recorre ao parámetro economicista–, en definitiva, *a actividade educativa pasa a ser defi-*

*nida en función das sacrosantas leis capitalistas da competitividade. O coñecemento debe ser tratado como unha mercadoría máis. E, para encamiñar os cambios de forma correcta, foi preciso que a xerga se tecnificara ao redor da lóxica da competencia e da lóxica da innovación. Déuselle un manto de suposta pedagogía para que penetrasen de forma acrítica no tecido organizativo, pedagóxico e didáctico. A organización das materias ao redor de competencias obedece a esta perspectiva utilitarista –instrumentalista– que elimina toda forma xenuína de pensamento crítico. Estas lóxicas explican, en última instancia, que coñecementos son útiles, en tanto que rendibles por servir para a “empregabilidade” –e explicaría a caída en desgraza das Humanidades por “inservibles”, “inútiles”.*

Os sistemas educativos son tamén o escenario da loita de clases. O proceso de mutación non é irreversible, mais cómpre ter en conta que a ideoloxía e a política son necesarias para recuperarmos o carácter da educación como emancipación da persoa. E nesa ideoloxía e nesa política entran responsa-



bles políticos, administración pública, grupos profesionais –docentes, sindicatos,...–, familias e estudantado. En todos estes grupos sociais está o freo-impedimento da deriva neoliberal da escola ou, pola contra, a aceleración da penetración da educación no mercado e a garantía do seu naufraxio.

Existen, claro está, procesos de resistencia. Porén, cómpre afirmar que no noso país, onde existe unha poderosa rede de centros privados con subvención pública, que compite directamente polos recursos cos centros públicos da contorna, o ensino público coñece un enorme proceso de degradación. Isto último responde á estratexia neoliberal seguida polos propios Estados –por moi debilitados que se lles presupuña, participan, ás veces con efusiva alegría, do festín neoliberal–: por unha banda, *privatización* e, pola outra, *xestión empresarial do público*. Estas dúas vías son as que, na actualidade, explican o proceso de deformación que padece o sistema educativo e que fai imposible o rol emancipador da educación. A estratexia neoliberal non supón outra cousa que a

## A burguesía española actual precisa traballadores e traballadoras que se deixen explotar doadamente

mercantilización da educación que, ao mesmo tempo, representa:

1. a elitización do ensino, pois a burguesía xa non precisa dunhas clases traballadoras instruídas e altamente cualificadas: a burguesía quere pobres que lle permitan acumular máis riquezas;
2. a extensión da proletarización de todo o profesorado, como unha garantía da súa explotación e do some-

## Unha outra escola é posible

En pleno “desarrollismo” dos anos da década de 1960, o goberno español puxo en marcha unha *Lei Xeral de Educación* (1970) que situaba nos 14 anos a obrigatoriedade da educación, pois o Estado debía “*atender a la preparación especializada del gran número y diversidad de profesionales que requiere la sociedad moderna*”, que se garantiría por medio da FP, á que se accedía logo de rematar os estudos obrigatorios e que se “reservou” para a formación de man de obra cualificada, e o BUP, ao que tamén se accedía ao rematar os estudos obrigatorios e que se “reservaba” a quen buscasse acceder á universidade e, xa que logo, destinado á promoción social das clases máis favorecidas. De aí que coas sucesivas reformas educativas promocionasen as xeracións mellor preparadas e formadas da historia española.

Hoxe, debido ao modelo de crecemento económico dos últimos anos –baseado nos salarios de miseria, no endebedamento familiar e no desenvolvemento do sector da construción e dos servizos–, pónselle fin a un modelo educativo que xa non candra cos seus intereses inmediatos.

Para ter argumentos sólidos fronte á estratexia neoliberal na educación son dunha gran axuda algúns libros aparecidos na última década. Velaí están os libros de Jurjo Torres Santomé, *Educación en tiempos de neoliberalismo* (2001) e *La nouvelle école capitaliste* (2011), de Christian Laval, Francis Vergne, Pierre Clément e Guy Dreux, que denuncian as tráxicas consecuencias que se derivan das políticas neoliberais na educación. Tamén Nico Hirtt, *Los nuevos amos de la Escuela. El negocio de la enseñanza* (2003), analiza a mer-



cantilización e a privatización da educación na Unión Europea e conclúe que se acrecentan as desigualdades sociais dentro dun contexto de perda de dereitos sociais e laborais. Así mesmo, no libro colectivo *La Escuela en Europa Occidental. El nuevo orden y sus adversarios* (2009), atopamos unha análise das profundas modificacións que se están a desenvolver en Europa ao abeiro da privatización, a descentralización e a reforma dos contidos, que alteran o valor e os obxectivos da educación.

Finalmente, Samuel Johsua en *Une autre école est possible! Manifeste pour une éducation émancipatrice* (2003), di que unha outra escola é posible, pero temos que salvara da depredación neoliberal en que está situada. Temos que recuperar as súas tarefas iniciais dentro dun marco de cooperación e colectividade. O dereito universal á educación pasa necesariamente pola defensa das traballadoras e dos traballadores da ensinanza, obxecto dos ataques por parte dos estratexas neoliberais.



Manifestación en Santiago de Compostela contra os recortes no ensino (9/09/2011)

temento aos intereses ideolóxicos da patronal.

### Os recortes na educación

Os coñecidos recortes en educación –tamén en sanidade–, non son unha medida inevitable en tempos de crise, son o mecanismo do que se está a servir a burguesía para lograr o seu obxectivo: degradar e desmantelar o ensino público, que, malia todas as eivas, permitiu que as clases populares mellorasen as súas condicións de vida nos últimos anos; e garantir que a reprodución dos axentes que han protexer a supervivencia do sistema, que se educan nas súas escolas privadas. Neste sentido, temos que ter ben presente que a burguesía española actual non precisa cidadáns e cidadás libres, con autonomía e criterio propio; precisa traballadores e traballadoras que se deixen explotar doadamente, consumidores e consumidoras que estean dispostos a endebedarse por manter un nivel de vida que o salario non lles permite, crenes fieis a unha dou-

trina alienante que pense por eles e por elas.

Ora ben, cando falamos de recortes, de que estamos a falar? En pri-

## Os recortes en educación e sanidade, non son unha medida inevitable en tempos de crise, senón un mecanismo da burguesía para lograr os seus obxectivos

meiro lugar, da redución de persoal docente; en segundo lugar, do incremento das rateos, facendo que sexa maior o alumnado presente nas aulas; para seguir con: desmantelamento da escola rural con agrupamentos imposibles, redución de optativas, non cobertura das baixas con persoal substi-

tuto dende o primeiro día..., que só servirán para empeorar a calidade do noso sistema educativo público. A estes recortes debemos unir unha notable perda de dereitos laborais do profesorado: eliminación de dereitos adquiridos como as licenzas por estudos, e dos dereitos salariais –redución da contía dos complementos específicos, modificación dos sexenios...–, que significan unha clara perda de masa salarial por parte do profesorado e precarización da situación do colectivo de interinos e interinas.

Con todo, as agresións tamén veñen dende outras partes: segue a presenza da Igrexa nos centros educativos públicos, introdución da empresa privada nos centros educativos públicos, reconversión de contidos de determinadas materias nun sentido claramente adoutrinante –apoloxía do mercado libre, da libre competencia, do self-made-man...–, eliminación das axudas ás familias –gratuidade dos libros de texto... En fin, un ‘regreso ao futuro’ que só poderemos frear coa loita.♦



> PA'Í OLIVA Sacerdote paraguaio e dirixente social

## “EN PARAGUAI XOGÁMONOS AS CONQUISTAS SOCIAIS QUE BENEFICIAN AOS MÁIS HUMILDES”

O pasado venres 22 de xuño, en menos de 24 horas, Fernando Lugo, bispo católico e presidente do Paraguai foi obxecto dun supersónico xuízo político por parte do parlamento e destituído do seu posto. O pretexto para procesalo foi o conflito campesiño que unha se-

mana antes motivara 17 mortos e numerosos feridos en Curuguaty, unha comunidade a 200 quilómetros da capital Asunción. “Trátase dun golpe parlamentar” su-bliña o sacerdote paraguaio Francisco “Paco” Oliva, 1928, un dos principais referentes sociais do país.


**O** Pa'í Oliva –sacerdote en guaraní– xogou un rol decisivo na mobilización cidadá que culminou en 1999 coa renuncia do antipopular presidente Raúl Cubas. Identificado coa teoloxía da liberación o Pa'í Oliva, que reside nun barrio popular e marxinal da capital, dirixe numerosos proxectos sociais e impulsou importantes iniciativas participativas como o Parlamento da Mocidade e o Foro Solidario.

### Como interpreta o marco institucional no que se dá a destitución do presidente Fernando Lugo o pasado 22 de xuño?

Somos unha democracia parlamentar. E practicamente desde a elección de Lugo en abril do 2008, os dous partidos tradicionais, o Liberal e o Colorado, estiveron freando ao presidente, ameazándoo cun xuízo político. A semana pasada criamos que era unha ameaza máis. Pero a realidade indicou que non foi así.

### Esperaba o movemento popular, a sociedade civil paraguaia, un desenlace político desta natureza?

Non. Colleunos totalmente por sorpresa. En 24 horas fíxose absolutamente todo e procedeuse á súa destitución e ao nomeamento á fronte do executivo de Federico Franco, até daquela vicepresidente, e desde sempre con intencións persoais de poder.



### Os medios agora oficialistas falan de proceso constitucional lexítimo. Sectores populares e cada vez máis amplos actores da comunidade internacional consideran que se deu en Paraguai unha ruptura da constitucionalidade. Cal é a súa opinión?

É un golpe de estado parlamentar. Os partidos tradicionais atoparon os 30 votos que necesitaban e deron a sentenza. Logo, o que veu, foi un circo puro. O veredicto sería o mesmo con defensa ou non de Lugo. As acusacións non fo-

ron presentadas por escrito. E as probas eran simples fotocopias de recortes dos xornais. A sanción contra Lugo fora decretada, sen dúbida, antes de comezar o xuízo.

### A demisión de Lugo é un feito irreversible?

Os sectores populares e campesiños non a aceptan. Pero, a forza téñena os dous partidos que executaron o pseudo xuízo exprés. Institucionalmente xa é un feito consumado.

que é o que di...

Altermundo

## PERFIL

Máis coñecido polo pobo paraguaio como *Paí Oliva*, **Francisco de Paula Oliva** (Sevilla, 1928) é un sacerdote xesuíta, cuxo traballo social axudou a afortalar o movemento cidadán que comezou a xestarse baixo o goberno de Alfredo Stroessner e máis tarde, na década de 1990, durante a transición democrática. Graduouse en Estudos Humanísticos (1952) e licenciouse en Filosofía (1956) e Teoloxía (1963). Iniciou a súa carreira como comunicador social en España. O 2 de abril de 1964 chegou a Paraguai. Un ano máis tarde iniciou a súa tarefa docente e en 1966 fundou a Escola de Medios de Comunicación Social na Universidade Católica de Asunción. En outubro de 1969, recén nacionalizado paraguaio, foi expulsado do país polo goberno militar. Trala súa expulsión viviu en Bos Aires, Ecuador e en 1985 instalouse en Nicaragua. A súa personalidade e o seu compromiso coa revolución custáronlle de novo a súa expulsión. Volveu a España en 1986 e a Paraguai dez anos máis tarde, onde tivo unha participación decisiva no Marzo Sanguento de 1999, que culminou coa renuncia do presidente da República Raúl Cubas. **+INFO:** paioliva.blogspot.com.es

**É paradoxal que o pretexto da destitución sexa un conflito campesiño, se se considera que Fernando Lugo, denominado “o Bispo dos pobres”, sempre se pronunciou a favor do campesiñado e a reforma agraria e chegou ao Goberno co apoio decidido das forzas populares. Trátase dunha trampa da extrema dereita contra Lugo ou dunha certa inxenuidade política do ex presidente?**

De ambas as dúas cousas. Foi unha trampa ben preparada ante a reacción-mobilización que comezaba a protagonizar o pobo, participando e enviando sinais claros á clase política, especialmente aos partidos tradicionais de oposición. Deulles medo esta participación crecente e decidiron parala. O mellor xeito foi decapitar ao presidente a través do xuízo político. Por outra banda, hai

que recoñecelo, Lugo foi frouxo na promoción da Reforma Agraria. O pobo, o campesiñado, pedíana cada vez con máis forza, pero Lugo non se atreveu a materializala.

**Varias das nacións latinoamericanas, entre elas Brasil e Arxentina, non aceptan como válida a dimisión de Lugo e o nomeamento de Franco. Pensa que os Partidos Colorado e Liberal que apoiaron a destitución estarán dispostos a reconsiderar esta nova situación institucional fronte á presión da comunidade internacional?**

De ningún xeito. Estamos no campo da politiquería. Franco foi un vicepresidente da oposición. Nunca vai reconsiderar nada e menos o Partido Liberal, que logo de moitos anos concreta a súa aspiración de ter un presidente no poder. Aínda que no fondo, o que vai saír gañando é o Partido Colorado, que probablemente subirá ao poder logo das vindeiras eleccións de abril do 2013. O acontecido é só un adiamento do que temíamos sucedese: o Partido Colorado estivo 60 anos sen interrupción no poder. Lugo cortou ese refacho. No 2013 o Partido Colorado, case con seguridade, volverá. Entre os seus seguidores naturais e os votos que logre comprar fará todo para recuperar o poder perdido hai catro anos. A non ser que a mocidade se organice, se mobilice e se impoña. É a maioría absoluta e logo deste episodio trágico que acabamos de vivir institucionalmente en Paraguai, vai abrindo os ollos.

**Cal é o mellor xeito de expresar hoxe a solidariedade internacional cos sectores populares paraguayos?**

Que informen! Que expliquen o que pasou no meu país! Que conten con detalles como a sentenza da destitución do Presidente Lugo estaba xa elaborada antes do xuízo. Que todo foi un circo, un teatro. Tamén que sexan conscientes —e neste sentido se sitúen— que os perdedores son aqueles que se beneficiaron coas conquistas sociais resultantes da xestión de goberno de Lugo.

**Córrese o risco dunha certa ingobernabilidade estratéxica en Paraguai?**

É necesario facer unha constatación crave: aos Estados Unidos moléstanlles Hugo Chávez e os outros dirixentes políticos que teñen hoxe no continente unha posición progresista. Aos poucos promoverán a súa partida, sexa como sexa. Brasil, se se conserva como agora pode ser un freo. Mais non esquezamos que Brasil foi e é un imperio con intereses

**“Tentan debilitar os gobernos progresistas latinoamericanos”**

**“A solidariedade internacional pasa por informar o que vive hoxe o meu país”**

propios. Non me refiro ao pobo brasileiro, aos campesiños, aos sen terra, senón á política exterior dese país que funciona á perfección e que ten aspiracións de expansión...

**Que é o máis importante que perde Paraguai coa destitución de Lugo?**

É un golpe moi forte ao proceso que estaba nacente no pobo para mellorar as súas condicións de vida, a súa cotidianidade. Sen esquecer que un amplo sector deses sectores populares, viven hoxe na máis total extrema pobreza.

**Para concluír: como valora a xestión de Fernando Lugo durante a súa presidencia de case catro anos?**

Con moi boas intencións, aínda que bastante ineficiente e con moita inxenuidade na súa xestión. •

Entrevista realizada polo xornalista suízo, colaborador de *Altermundo*, **Sergio Ferrari**, da ONG de cooperación solidaria E-CHANGER.



# Stop Israel Nuclear

Diversos colectivos galegos impulsan unha campaña global para que o Consello de Seguranza da ONU esixa a Israel a apertura das súas instalacións nucleares e súa a inspección por parte da Axencia Internacional de Enerxía Atómica

o remate

**D**esde que en 1974 a ONU aprobara a Resolución 3263 (XXIX), instando o establecemento no Oriente Medio dunha zona libre de armamento nuclear e outras armas de destrución masiva, foron numerosas as ocasións en que a ONU e outros organismos internacionais reiteraron o mesmo chamamento... e outras tantas as que fracasaron. A última en 2010, cando a Conferencia de Revisión do Tratado de Non Proliferación Nuclear (TNP) instou a convocatoria dunha conferencia en 2012 para pór en marcha o proceso e a iniciativa foi, mais unha vez, boicotada por Israel e os EUA.

A declaración do Oriente Medio como zona libre de armamento nuclear implicaría a adhesión de Israel ao TNP en calidade de Estado non nuclear e o emprazamento de todas as súas instalacións baixo o control da Axencia Internacional de Enerxía Atómica (AIEA), como xa fixeron o resto dos Estados da rexión. Se Israel abrise as súas instalacións á AIEA, o Consello de Seguranza da ONU podería coñecer a real envergadura do perigo que eses arsenais supostamente secretos representan e estaría obrigado a tomar as medidas para eliminar a ameaza que paira sobre a fráxil paz da zona. No entanto, nada é como debería. Coa súa insensata e interesada irresponsabilidade, o Consello de Seguranza da ONU

deixa a Israel as mans libres para aumentar a súa potencia nuclear fóra de calquera control, abstense de urxir o cum-



primento das súas propias resolucións e revela a súa incapacidade para concurrir unha posíbel catástrofe.

Mais esta pasividade irresponsábel e os turbios intereses que a determinan non han de ser obstáculo que impida a cidadanía tomar nas súas mans a salvaguarda da paz e reclamar ao Consello de Seguranza, con voz plural e unánime, que tome medidas.

Diversos colectivos galegos reunidos na plataforma "Stop Israel Nuclear" están impulsando unha campaña global que ten como obxectivo central pre-

cisamente conseguir que o Consello de Seguridade da ONU esixa ao Estado de Israel a apertura das súas instalacións nucleares e súa a inspección. Esta campaña en rede e de carácter horizontal focalízase na recolección de apoios a fin de axilizar os trámites para elevar esta petición ante a Asemblea Xeral e o Consello de Seguranza da ONU. O seu seguimento estará recollida na súa páxina web: [www.stopisraelnuclear.org](http://www.stopisraelnuclear.org), baixo o lema "Un millón de voces na ONU", coa intención de alcanzar un millón de firmas para a petición.

O momento e obxectivo desta campaña luce oportuno, tendo en conta a intensificación dunha eventual proliferación nuclear en Oriente Próximo, en especial con relación ás presións da AIEA, de EUA e Israel contra o programa nuclear iraníano. Esta presión revela os alicerces dunha política de marcada ambigüidade por parte da ONU e Occidente co respecto aos programas atómicos de dous rivais xeopolíticos na rexión, como son os casos de Israel e Irán. •

#### + INFO

Sobre esta campaña e os movementos proliferación nuclear en Oriente Próximo pode lerse o artigo 'Stop Israel Nuclear' de **Roberto Mansilla**, analista do IGADI e membro do Consello Editorial de *Altermundo* en: [www.igadi.org/web/analiseopinion/stop-israel-nuclear](http://www.igadi.org/web/analiseopinion/stop-israel-nuclear)

**Altermundo** | Suplemento Horizontal, publícase cada dous meses coa revista **Tempos Novos** | [www.altermundo.org](http://www.altermundo.org) | **Consello Editorial:** ALFREDO IGLESIAS, ANA MIRANDA, ANTON FENTE, ANTÓN GÓMEZ-REINO, CÁNIDO GRZYBOWSKI, CARLOS TAIBO, CARME CARBALLO, DAVID RODRÍGUEZ, IMANOL DORCA, LUPE CES, MANUEL CASAL, MARGA TOJO, MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, RAÚL ASEGUADO, REBECA FERNÁNDEZ, ROBERTO MANSILLA, XABIER MACÍAS, XABIER RON, XAVIER SIMÓN, XOÁN HERMIDA, XOÁN R. DOLDÁN, XOSÉ MANUEL BEIRAS | **Coordinador:** MANOEL SANTOS | Teléfono: +34 686 021 933 | Se queres colaborar escribe a [tempos@altermundo.org](mailto:tempos@altermundo.org)